

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN

Feitos

Con data do 17/01/2024, a decana da Facultade de Ciencias da Saúde e presidenta das comisións das prazas 23/22001 e 23/23001 de profesor/a substituto e profesor/a asociado tipo I respectivamente (convocadas por Resolucións reitorais do 17 de novembro de 2023), Adriana Ivette Ávila Álvarez, comunica que incorre con algún candidato en conflito de intereses dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos.

Na mesma data, Iván de Rosende Celeiro, vicedecano da Facultade de Ciencias da Saúde e vogal 2º titular das comisións de selección das mencionadas prazas, comunica que tamén incorre en conflito de intereses do Real decreto 678/2023.

Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución da presidenta e do vogal 2º titular das comisións de selección.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución, para as comisións das prazas indicadas, de Adriana Ivette Ávila Álvarez por Juan Manuel Vilar Fernández, profesor do centro de maior categoría e antigüidade e a substitución de Iván de Rosende Celeiro por Thais Pousada García, vogal 2ª substituta, que non foron obxecto de abstención ou recusación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 16/01/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	NpJo4GL4Q0k9Xt+3oZG6pQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	23/01/2024 14:32:59
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NpJo4GL4Q0k9Xt+3oZG6pQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

